

Noticias inéditas da aldea de San Cosme

ANXO RODRÍQUEZ LEMOS

RESUMO

O autor recolle documentación sobre a existencia dunha capela de San Cosme, na aldea do mesmo nome, pertencente á parroquia de Baiña, en Baiona.

PALABRAS CLAVE: Capela, San Cosme, San Colmado, Baiña.

ABSTRACT

The author collects some documentation about the existence of San Cosme chapel, in the small village of the same name, belonging to the parish of Baiña, in Baiona.

KEY WORDS: Chapel, San Cosme, San Colmado, Baiña.

Nunha das ladeiras da Serra da Groba, parroquia de Santa Mariña de Baíña, enmárcase a aldea de San Cosme, presente nalgunhas fontes documentais como *San Colmado* ou mesmo *San Cosmete*. Neste lugar estratéxico localizado xeograficamente entre o río das Cabras e o río do Vilariño ou do Pontillón, emprazouse ata o século XVIII “la capilla del Glorioso San Cosme” da que as diferentes publicacións ata o momento, achegan datos máis ben modestos e pouco clarificadores do que era o edificio da capela en si e a súa fábrica. Aínda que o documento que hoxe presentamos é un dos moitos que temos localizados sobre o eremitorio, que para algúns historiadores remonta as súas orixes ao século VI¹ (contando ata o século XII cunha pequena comunidade de monxes eremitas) é dos máis ilustrativos sobre o estado da capela, que desaparecería para sempre nas xornadas do 21 e 22 de xuño de 1785 por orde do abade de Oia D. Clemente Bahamonde (1783-1787), logo de recibir autorización bispal. O prelado respondera á petición argumentando que a idea do abade de “demoler la capilla o santuario de San Cosme y trasladar las ymagenes y quanto pertenece al santuario a esa yglesia monasterial, es digno de todo aplauso, porque en su execucion se evitan muchas ofensas de Dios que ahora se cometen con pretexto de romerías, y puedo asegurar, que aquel santuario ha sido mil veces profanado”. Permitiría, sen embargo, o bispo D. Domingo Fernández Angulo que “puede quedar en el sitio del altar una cruz en memoria de lo que ha sido”². É moi probable que esta fose a que estivo en San Cosme ata o ano 1972, en que se traslada e se instala sobre o portalón da casa reitoral de Baredo.

INTRODUCCIÓN

Alá polos anos 70, Xoán Martínez do Tamuxe daba noticia en *El Pueblo Gallego* dos diferentes restos arqueolóxicos atopados á raíz da apertura dunha pista forestal polo lugar. O citado camiño, tivo que derrubar a casa na que a memoria popular situaba a *Casa das Novenas* ou dos *Frades*, coñecida como *A Casa de Luísa* por ser esta a súa última propietaria.

A casa e as súas terras circundantes foran mercadas polo veciño de Sabarís D. José Vilas Bargiela, máis coñecido como *O Casico*, por aqueles tempos garda forestal e moi coñecido entre os bañeses polas súas aventuras no viveiro que tiña nas tomadas da Fonte Regueira. Sería precisamente este home o que avisase a Tamuxe, cura que fora das parroquias de Baíña e Baredo, por coñecer o interese deste “polas cousas vellas”.

Entre os restos atopados naquela destrución destaca o achado dun capitel circular, adornado con follas de acanto (que o descubridor xa considerara visigótico) así como restos de cornixas e outras pedras traballadas xunto a unha “abundante cerámica”³. *A Casa de Luísa*, tal e como recordan os antigos veciños da aldea, contaba cunhas escaleiras que baixaban a un soto ao que, casualmente, a algúns dos nenos non os deixaban baixar, o que lle dá aínda máis misterio a unhas escaleiras que segundo os máis atrevidos non levaban máis que a unha bodega da casa. Sería precisamente esta baixada a que Tamuxe anota na súa crónica, aínda que descoñecendo a onde levaban (en parte por non preguntar) limitándose a anotar que presentaban un “desnivel de casi dos metros”.

Estes movementos de terra servirían para testemuñar grazas á “arqueoloxía” a presenza dunha capela no lugar, en tanto que dende aquela nunca máis se fixeron ex-

ploracións arqueolóxicas na zona, aínda cando temos localizado un posible lugar de enterramento nas terras coñecidas como O Sosanto.

O EDIFICIO NO DOCUMENTO DE OIA

De todos os séculos de existencia da capela de San Cosme, os momentos dos que, sen dúbida, temos máis referencias desta son os séculos XVI e XVII. Aínda non discutindo a existencia dun edificio anterior, que se puidese corresponder co que Almanzor no seu camiño cara a Compostela aquel verán do 997 asaltou⁴, e cun estado xa moi malo a comezos do XVII, o certo é que Yáñez Neira anota entre as obras realizadas baixo o goberno do abade de Oia Frei Rafael Calderón (1629-1632), a construción da “ermita de San Cosme”. Isto explicariáse ante a mala situación, patente nun “Memorial simple de los apeos de la mas de la hacienda que este monasterio tiene en este reino de Galicia” de cara a 1605, no que se indica que “la hermita de San Cosme (...) está muy maltratada, de donde lleua el monasterio las ofrendas y limosna el día de su romaxe y fiesta, así con tradición de nadie demás de 400 años a esta parte”⁵.

Comparto opinión, por tanto, con Domínguez Fontela que o que nestas datas aconteceu foron máis ben arranxos, ao igual que a restauración que se debeu facer durante o mandato de Bernabé de Villa (1644-1688). Anota novamente Yáñez Neira, que nestes tempos se “levantó la ermita de San Cosme e hizo el retablo maior, más las casas para la residencia de los ermitaños”. Este parece o estado da pequena capela ata que sendo abade don Ángel San Martín (1710-1713) se fan “dos retabillos y pintó tres frontales”.

O pequeno esplendor do edificio de comezos do XVIII debeu chegar ao momento do documento que hoxe presentamos, onde o santuario xa aparece con tres altares, sendo no maior onde “están los dichos Gloriosos santos San Cosme y San Damean” separados do resto da capela por unha reixa. Aínda que a advocación da capela fose destes santos, xunto a estes habería ata nove imaxes máis como a do Neno Xesús e Cristo, San Xoán Bautista, San Gregorio Magno, San Pedro, Nosa Señora do Socorro, San Bernardo, San Bieito ou San Bertolameu. Todas elas de vulto redondo, é dicir, imaxes observables dende calquera punto de vista, algunhas pintadas e outras de vestir. De San Cosme cóntanse ata tres imaxes, unha no altar maior e outras dúas de diferente tamaño, crendo que sería a pequena, como aínda hoxe pasa nalgunhas parroquias, a empregada para as procesións.

No que respecta á fábrica da capela, destacan tanto obxectos empregados no culto como son cruces, candelabros, cálices, patenas, vinagreiras, misais e atrís, moldes para hostias, lámpadas para o alumeadado do Santísimo, manteis para os altares ou purificadores (lenzo para limpar o sacerdote os dedos), así como vestimentas tanto para os relixiosos (amictos, albas ou casulas) como para os santos.

O mobiliario da capela parece máis modesto, non indo máis alá de mobles para o almacenamento como arcas ou caixas, petos para a esmola ou un confesionario con cadeira.

Como romaría que se prezase, non faltan aquí, tal e como se nos indica, candeas de diferentes tamaños ou exvotos ofrecidos ao Santo como unha cara ou mesmo un testículo. É probable que froito de promesas sexan tamén o diadema que adorna o Santo, a redoma, o peito, o testículo, a imaxe en filigrana da Nosa Señora, o peito, e a cadeña da Virxe do Socorro, todas de prata.

A imaxe que nos dá, por tanto, correspóndese á dunha capela pequena coroada cunha espadana e campá, cercada por un muro que conforma o seu adro, e no que se abren ata dúas cancelas. Á cabeceira da capela atopárase *A Casa dos Frades*, “faiada, techada, enmaderada y tejada, serrada con seis puertas, las quatro con sus zerraduras y llaves y las dos sin ellas, con una sala alta”. Se dende aquí defendo que esta casa foi a que se destruíu nos anos 70 do século pasado, non é outro o motivo que pola presenza dunha “bodega que se halla bajo de la sala de dicha casa” e da que todos os veciños/as vivas do lugar dan aínda fe.

O ARRENDATARIO: D. BARTOLOMÉ LOSADA

D. Bartolomé Dámaso Losada é o nome do presbítero veciño de Santa Cristina da Ramallosa que figura neste documento como colono ou beneficiario da renda que o Mosteiro de Oia outorga. Tal e como indica o documento con selo de 1751, en San Cosme e noutras propiedades deste mosteiro cisterciense, foi necesario, ante a basta cantidade de terras, a elección de persoas que se encargasen do coidado e traballo das mesmas ou como é o caso, do mantemento dunha capela e das súas construcións anexas. O que a el se lle arrenda aquí é a esmola que “se ofreciese al Señor San Cosme y San Damean por sus devotos por tiempo y espacio de quatro años cumplidos”. A renda, que comezaría o día 20 de agosto de 1751, festividade de San Bernardo, tería fin polo mesmo día de 1755. É dicir, nun espazo de catro anos, o crego Bartolomé debería facerse cargo non só da capela, do seu tesouro e das esmolos percibidas, senón que tamén quedaba da súa conta a Casa das Novenas e un “pedazito de tierra para ortaliza con un peral y un limonero”. Iso si, quedaba en mans do mosteiro calquera tipo de reparación tanto da capela como da casa.

O anterior, non impediría que o clérigo, botando man da esmola, puidese facer obras menores no lugar de San Colmado como realmente sabemos que fixo. Así, do ano 1752, quedáanos nesta aldea como testemuña a Fonte Santa, unha fonte de coidado paramento de pedra, presidida por unha ameia central cunha cruz latina gravada no centro⁶, que presenta na súa fachada a inscrición:

LA HISO DE LIMOSNA D. BAR/THOLOME LOSSADA AÑO/1752

O crego debía pagar en concepto de pensión a Oia trinta ducados de vellón, que se debían comezar a pagar anualmente dende o 20 de agosto de 1752.

TRANSCRICIÓN

A presente transcripción foi realizada tal e como aparece no documento, a excepción daquelas palabras abreviadas, que foron para a súa presentación desenvoltas e postas as súas letras en cursiva para poder distinguir o que estaba no orixinal e o que foi engadido polo transcriptor. Así mesmo, adaptouse a puntuación, emprego de maiúsculas e acentuado á norma actual.

DOCUMENTO

Dentro del Real Monasterio de Nuestra Señora de Hoya, orden dentro de Nuestro Padre San Bernardo a seis días del mes de marzo año de mil setezientos cinquen-

ta y uno en presencia de mi *escribano presente* y testigos, estando así el Reverendísimo Padre Maestro don frai Manuel Fernández, abad de este dicho Real Monasterio y señor tenporal de sus cotos y Jurisdicción dijo que siendo como es propia de dicho Monasterio la capilla y santuario de los Gloriosos San Cosme y San Damean sita en los términos de la feligresía de Baíña, y atendiendo a que en el deve aver persona que le cuide y procure y conoziendo la sufizienzia de don Bartholome Damaso de Losada, clérigo presbítero vezino de la feligresía de Santa Christina de la Ramallosa del partido de la Villa de Baiona al qual daba y dio en arriendo la limosna que se ofreciese al Señor San Cosme y San Damean por sus devotos por tiempo y espacio de quatro años cumplidos, que prinzipiaran a correr desde el día de Nuestro Padre San Bernardo, día veinte de agosto de este presente año y fenezeran el año que viene de mil setezientos cinquenta y cinco, por el día veinte de agosto tanvien de el, y en cada uno, de dichos quatro años pueda dicho don Bartholomé percibir y recaudar para si mismo el importe de toda dicha Limosna y en todo dicho tiempo pueda usar y use del procuro de dicho Santuario que se compone de tres altares y en el maior están los dichos Gloriosos santos San Cosme y San Damean = un niño Jesús con su vestido de lienzo pintado= un San Juan Baptista= un San Gregorio Magno= San Pedro Apostol= una ymagen de Nuestra Señora del Socorro vestida de lienzo pintado= un Santo Christo= otras dos ymagenes del Señor San Cosme, la una grande y la otra pequeña= Las quales todas ellas son de bulto= y en los dos Colectorales ai dos ymagenes de Nuestro Padre San Bernardo y San Benito estofados⁷. Y en los dichos altares pintados, los quales dichas ymagenes tanvien son de bulto= así mismo ai en dicha capilla una caja grande sobre el cajón de la ropa y en ella está un San Bartholome tanvien de bulto pintado= quatro cruces de madera y quatro candeleros de lo mismo= un cajon con sus llaves y serradura para los ornamentos= una arca= tres Aras= tres atriles pintados= tres petos para recojer la limosna y una caja con las ymagenes de los Santos Mártires= una reja con su llave que divide la capilla maior, y en la coronazion de ella un crucifijo= dos lamparas con sus basos= un hierro de hazer ostias= cuias dos lamparas referidas la una de ellas es de azofar y la otra de latón= un confesionario nuebo y una silla con su rexilla= una campana en la espadaña y una campanilla para tocar al alzar con su cadena y gancho= tres frontales de tabla pintados con su marco= tres tarimas= quinze purificadores= nuebe mesas de manteles para los altares= cinco alvas con un roquete de encaje ancho= tres paleas las dos nuebas y una vieja= nuebe amitos= quatro tersorios= tres casullas hordinarias y una de ellas de raso= quatro misales uno de ellos nuebo, otro mediano y los otros dos viejos= siete zinguidos= dos calizes con sus patenas y cucharitas todo ello de plata= cinco corporales romanos= ocho paños de calices andados y uno de ellos de dos azes= una bolsa para los corporales= cinco velas de zera grandes ofrecidas al Santo con quatro más hordinarias= dos caras tanvien de zera= un platillo y un testículo y una mortaja de olandilla encarnada= tiene el santo una diedema= una cruz= una redoma= un pecho= un testículo= una ymagen de feligrana pequeña sobredorada de Nuestra Señora= otro pecho pequeño y una cadenita pequeña delgada que tiene Nuestra Señora del Socorro, todo ello de plata= tres vinagreras de vidrio= tres vestidos de San Cosme de raso y una capa de lo mismo= quatro pares de puños del santo y tres corbatas= seis medidas y sintas= Cuia capilla se halla zerrada con dos puertas, la principal a los pies y otra al costado, ambas con sus llaves, tejada y made-

rada con su atrio y dos canzelas *que* lo zierran y algunos alamos dentro de el= Y asi mismo dentro de *dicha* capilla ai de *prevención* tres vigas y una escala= así mismo ala caveza de *dicha* capilla, ai una casa para avitar el relixioso u otra *persona* que cuide de *dicha* capilla la que se halla faiada, techada, enmaderada y tejada, serrada con seis puertas, las quatro con sus zerraduras y llaves y las dos sin ellas con una sala alta. Dos alcobas y dos bentanas y contraventanas y en cada una de ellas dos vidrios, y dentro de ella dos bancos respaldos grandes= una mesa= una arca grande= una silleta y en *dichas* alcobas dos tarimas con sus cordeles y en ellas dos jergones viejos= y en la cozina que está separada y es de *dicha* casa dentro de ella tanvien ai una sartén de cobre= un pote de hierro= unas tremedes= una cuchara de hierro= y una artesa de amasar pan= y en la bodega que se halla bajo de la sala de *dicha* casa de dentro de ella tanvien tiene dos pipas viejas= y asi mismo conjunto a *dicha* casa se halla un pedazito de tierra para ortaliza con un peral y un Limonero, cuias Alhajas aqui expresadas se le entregan a *dicho* don Bartholome Damaso de Losada *presbítero* para que de ellos use para el adorno de *dicho* santuario como tanvien de *dicha* casa y referidas halajas de ella durante el tiempo de este *dicho* arriendo y defenezido que sea los aia debolver y entregar en este Monasterio, y al Relixioso que de su orden las baia a perzivir, y si alguna de ellas tubieren algunos desperfectos y menos cavos que con el transcurso del tiempo de *dicho* arriendo se puedan ocasionar entregándolas a *dicho* don Bartholome de la suerte que se hallaren tiene cunplido sin que por *dicha* razón se le pueda pedir cosa alguna= Y en caso que el sobredicho haga perfectos y mejoramientos durante *dicho* arriendo en *dicha* capilla y casa referida siendo de poca monta se le tomarán en quenta del inporte por que se le haze este *dicho* arriendo= Y mediante se pagan *anualmente* por la casa de las novenas que junto a *dicho* santuario tanvien ai que deve perzivir el relixioso que asiste en la Granja de Panjon que la es de este Monasterio por incluírense estos en la pensión que aqui iba declarada a *dicho* don Bartholome no pueda cobrarlos ni recaudarlos para sí mismo, sino *dicho* relixioso por iren así yncluidos en *dicha* pensión principal que aqui irá expresada= Cuiio arriendo de todo lo que ba referido ansi se le haze con carga y pensión de treinta ducados de vellon que en moneda corriente en cada un año aia de dar y pagar el *dicho* don Bartholome Damaso de Losada, *presbítero*, cuiia paga de *dicha* pensión principiará a hazer el día de San Bernardo que viene del año de mil setezientos cinquenta y dos, y las demás pagas consecutivamente año por año en el referido día durante el tiempo de este *dicho* arriendo pena de execución última y costas que en razón de ello se causaren; Y cumpliendolo así, *dicho* Padre Abad otorgante obliga los vienes y rentas de este *dicho* Monasterio de hazer y que hara sierto y seguro este *dicho* arriendo durante el tiempo porque así se le haze, y contra el nose ira en manera alguna, y así mismo los expresados vienes y rentas de *dicho* Monasterio obliga a *dicho* Padre Abad de que siendo nezesario hazer algunos reparos maiores en *dicha* capilla y casa referida, *dicho* Monasterio los hará a su costa y men^{on} sin ser visto el que el *dicho* don Bartholome los pueda hazer de su propio motu exepcto *dichos* perfectos menores estando presente a todo ello el expresado don Bartholome Damaso de Losada, *presbítero*, susodicho que dijo azetaba y azeto este *dicho* arriendo a su favor otorgando del qual usara durante el tiempo por que ansi se le hace= y se obligava y obligo con su *persona* y todos sus vienes avidos y por aver, espirituales y temporales de quedar a pagar en cada un año de los *dichos* quatro, porque se le haze este

dicho arriendo los dichos treinta ducados de vellón en dicho Monasterio comenzando a hacer la primera paga para dicho día de San Bernardo que viene de mil setezientos cinquenta y dos y las demás consecutivamente año por año por el referido día asta seren fenezidos dichos quatro años y al fin de ellos entregará así mismo a dicho Monasterio o persona de su orden todas las halajas de dicho santuario y casa de el con las que esta tanvien tiene y se le entregan y ser visto que por razón de los perfectos menores si los hiziere, tomárselos en cuenta de dicha pensión principal según ba expresado y a la paga de dichos treinta ducados y satisfacción de dichas alajas consiente ser apremiado por todo rigor de derecho; y para que todo lo aquí contenido se cumplirá ambas partes otorgantes y acetante dieron todo su poder cumplido alas Justicias de Su Magestad de su fuero e Jurisdicción. Y quede sus personas y vienes puedan y deban conozet a que se someten para que ansi se lo hagan guardar cumple executar como por sentencia definitiba de juez competente en autoridad de cosa juzgada por ellos consentida y no apelada zerca de que renuncia a todas las leis, fueros y derechos de su favor con la general en forma= Y así mismo renuncia al dicho capítulo *obduardus suan de penis desolutionibus* y todas las más leies y estatutos que son y ablan en su favor y ansi lo otorgaron dichos otorgante y acetante a quienes doy fee por delante mi escribano y testigos: Domingo Estévez, Blas da Rocha y Joachin Garzia todos vezinos del arraual de este dicho Monasterio de Hoya. Y de ello yo escribano doy fee= Ministro fray Manuel Fernández Abad de Oya= Bartholome Damaso Losada= Ante mí Juan de Villela= V^a emdo =No= y entre renglones= Y San Benito= Seis Reales= es copia de su orixinal que ante mí paso y se otorgó y en mi poder y oficio queda por rexistro a que me refiero. Y en fee de ello yo el dicho Juan de Villela como escribano ynsolidum del Reverendísimo Padre Ministro don fray Manuel Fernández, abad de Hoya, lo signo y firmo según acostumbro en este pliego entero de papel de sello quarto en el arraual de dicho Monasterio a diez y seis días del mes de maio año de mil setezientos cinquenta y uno=

En testimonio de verdad (*Rúbrica de Juan de Villela*)

ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL DE Madrid

Foral 6º selado do partido de Panxón e os seus anexos

Referencia: ES.28079.AHN/3.1.2.11.41//CLERO-SECULAR_REGULAR,L.10192

Data de formación: 1637 / 1798

Soporte e volume: Tamaño 32x21 CM. 153 Follas.

NOTAS

- 1 VILLA ÁLVAREZ, J.M. (2013): *El convento de las benedictinas de A Guarda (1558-1984)*. Monasterio de la Transfiguración del Señor de Trasmañó e Deputación Provincial de Pontevedra. pp. 23-35
- 2 YAÑEZ NEIRA, M. (1974): *El monasterio de Oya y sus abades*. Deputación Provincial de Pontevedra, Patronato José María Quadrado e Concello de Oia. pp. 70-71
- 3 MARTÍNEZ DO TAMUXE, X. (1975): "San Cosme de Bahiña: un poblado medieval en total abandono", en *Tuy Museo y Archivo Histórico Diocesano*. Vol. I. Tui

- 4 SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. (1946) *La España musulmana*, t. 1. Buenos Aires. pp. 372-374. “Atravesado el Miño, los musulmanes desembocaron en anchas llanuras y en fértiles campos y sus exploradores llegaron hasta Dayr Kustan (¿el monasterio de San Cosme y San Damián?) y el llano de Balbenut situado sobre el Océano; tomaron por asalto la fortaleza de San Balayo (San Payo) y la saquearon, y después de haber atravesado unas marismas (...)»
- 5 *Memorial de bienes y hacienda del monasterio en diferentes lugares.* (Archivo Histórico Nacional,CLERO-SECULAR_REGULAR,L.10115)
- 6 MARTÍNEZ TAMUXE, X. & MARTÍNEZ BARBOSA, J.R. (2008) *Santa Mariña de Baña e o Eremitorio de San Cosme.* Comunidade de Montes de Baña. pp. 193
- 7 O estofado é unha técnica de policromar a madeira empregando pan de ouro como fondo sobre o que logo se pinta tras un longo proceso, que vai dende a preparación da madeira, o dourado da superficie, a aplicación de cores sobre esta, xeralmente ao óleo, ata finalmente o raspado da pintura para deixar á vista en certos lugares o ouro do fondo.